

Síguenos en



Biblioteca
Facultade de Ciencias da Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es

Xaneiro – Marzo 2015

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

MEMORIA 2014

Xa está disponible na web da Biblioteca a Memoria da Biblioteca do ano 2014 con datos de persoal, da colección, lectura en sala, circulación, formacións de ALFIN, as actividades culturais e infraestruturas.

No pasado ano tivemos un cambio no persoal da Biblioteca, deixounos Antonio Fojo, que marchou para a Escola Superior de Náutica e incorporouse unha nova compañeira, Isabel Presedo.



Aumentaron os fondos da biblioteca con 1503 monografías máis e 108 películas novas, polo que pechamos o ano con 89.457 monografías e 716 títulos de revista, dos que 314 non se reciben actualmente. Temos ademáis 2211 revistas electrónicas relacionadas coa temática que se imparte no centro, dentro dos paquetes que merca a UDC.

Unha novidade deste ano é que introducimos as primeiras revistas editadas no noso centro en Dialnet a texto completo: Digilec e a Revista de estudos e investigación en psicología y educación, participando deste xeito neste grande proxecto de

colaboura.

Polo que se refire á bibliografía recomendada, no ano 2014 dos 4.516 recursos dispoñíbeis na nosa biblioteca, prestáronse e renováronse 3.655 (1.742 préstamos e 1.913 renovacións).

En marzo subimos os primeiros TFG da Facultade ao RUC (Repositorio da UDC) que xa se poden consultar a texto completo.

Debido á falta de espazo na biblioteca comezamos en 2014 coa recolocación e expurgo de fondos, eliminando os duplicados das obras que non foron prestadas nos últimos cinco anos.

Segue a aumentar o número de usuarias e usuarios externos, que demandan os servizos da biblioteca, e tamén o número de préstamos.

CURSOS ALFIN

Polo que se refire á ALFIN, alfabetización informacional, no ano 2014 impartimos un total de 26 formacións para a procura e xestión da información, a un total de 419 persoas e 78 horas de duración. A maioría dos cursos foron solicitados por docentes para o seu alumnado e houbo ademáis sesións individuais para alumnado de tese.



OFERTA 2015

Continuamos neste trimestre cos cursos para o alumnado de TFG, que este ano serán semipresenciais, utilizando a plataforma Moodle. As sesións presenciais serán de 3 horas e comezarán o día 20 de febreiro. Hai xa programadas 8 sesións para os distintos graos. Tamén se realizarán formacións para alumnado de 1º de grao, a petición de Dolores Cotelo, con 9 sesións de hora e media cada unha entre o 2 e o 9 de febreiro. No mes de febreiro e marzo haberá tamén unha formación para alumnado do mestrado de Psicopedagogía, semipresencial, solicitado por Teresa Núñez Mayán, e outro para un grupo de docentes de Avaliación da produción científica, pedido por Chema Mesías.

Lembrámosvos que podedes solicitar formacións na Biblioteca tanto para docentes e investigadores como para o voso alumnado.

No blogue da biblioteca, no Facebook e no twitter imos publicitando as distintas sesións programadas.

Subject Plus: Guías temáticas e de recursos



A Biblioteca da UDC ven de poñer a disposición de usuarios/os da universidade unha nova guía temática con recursos de todas as materias, o [Fiador](#). Esta selección foi realizada polo persoal das distintas bibliotecas da UDC, utilizando unha ferramenta de acceso aberto, [SubjectPlus](#), implementada por [Bugalicia](#), Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a organización dos recursos electrónicos das tres universidades galegas. Dentro dos recursos que se seleccionaron están bases de datos subscritas pola universidade e gratuítas, fontes de acceso aberto, páxinas webs, revistas electrónicas, videos, etc.

Hai recursos que poden interesar a todas as disciplinas, como é o caso dos relacionados co cine, o de Avaliación e acreditación, a guía de open access, a de fotografía, ou a de publicación e divulgación. Pero tamén hai outras específicas para cada especialidade. Dentro das creadas por nós para as nosas áreas están a guía de *Educación*, *Educación Social*, *Logopedia*, *Cine e educación* e a de *Ferramentas educativas utilizando as TICs*.

Cada guía contén varios recursos que aparecen descritos e coas súas características principais e accesos.

EXPOSICIÓNS.

Sala, peceiras de creatividade e Recuncho de lectura

Durante os meses de decembro de 2014 e xaneiro de 2015 puidemos ver a exposición de pintura sobre papel de Carlos Botana.



Nos vindeiros meses, no *Recuncho de lectura*:

Trolas: as outras orlas. Orlas do alumnado dos 4 últimos anos do Mestrado de Secundaria, Itinerario de artes. Coordinada por Roberto Suárez Brandariz. Datat: febreiro.

Esperando aos deuses en Chankillo, fotografías de **Gustavo García Roig**, artista arxentino afincado en Galicia. á presente na súa obra. 2.300 anos atrás, o observatorio astronómico mais antigo de América, a cultura mochica, Perú...

Teremos ademais un encontro con Gustavo no que poderemos falar de todo isto mentras nos tomamos un té e algo doce. Data a determinar.



Datas: marzo 2015
Lugar: Recuncho de lectura

Nas *peceiras de creatividade*



temos actualmente unha mostra sobre o inverno, con novelas e poemas, obras que nos axudan a contemplar o ceo e as constelacións, o paso do sol neste solsticio, cantos e contos de nadal e de reis, mitos e costumes e moito máis.

O profesor Michael W. Apple, que imparte docencia na Universidad de Wisconsin-Madison será nomeado Doutor Honoris Causa pola UDC o 16 de marzo, e Jurjo Torres será o seu padriño. Nas nosas peceiras poderedes ver, durante o mes de marzo, unha mostra sobre el con algunhas das súas obras.

Tamén neste trimestre traeremos á facultade o cadro de teatro do Coro Galego Cántigas da Terra, con dous pasatempos (comedias nun acto) de Leandro Carré Alvarellos, “Pra vivir ben de casados” e “Un home doente”. Confirmaremos datas.

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



O noso clube de lectura e encontros literarios, Nébeda. nebedaclubelectura.wordpress.com conta xa con 19 lectoras e lectores, e de cando en vez nos acompañ alguén novo.

No mes de decembro estivo con nós Camilo Franco, con quen falamos sobre Roberto Vidal Bolaño e a súa obra Saxo tenor, mais tamén do teatro actual e os seus retos.



Neste ano esperan novas lecturas de novelas, teatro, poesía, ensaio... da literatura galega contemporánea. A primeira delas será da obra *Dende o conflito*, de María Reimóndez, que nos acompañará o día 5 de marzo no Recuncho de lectura.



Obra: *Dende o conflito*, Premio Xerais de Novela 2014



Encontro literario coa autora, [María Reimóndez](#)

Data: 5 de marzo, ás 17h

Lugar: Recuncho de lectura

Como xa sabedes, o clube está aberto a toda a comunidade universitaria, é virtual, a través do noso blogue, e poderedes participar nos encontros que vos interesen. Conta coa colaboración Juan José Bueno Aguilar, que leva o cineclube. Coordina o clube: Inma Doval Porto. Ten axuda económica do SNL da UDC.

NOVOS ESPAZOS

Estamos a preparar dous espazos novos na biblioteca.

- Espazo de cine, co fondo de películas e libros sobre cine.
- Cabinas de lectura e traballo individual.